




Área / Unidad GABINETE DE ALCALDIA GA0000 ALP	Documento GA018I00FI	
Código de verificación  3W0S 5Y6R 5T73 0S37 1280	Expediente GA0/2024/286	
	Fecha 21-06-2024	

DECRETO POLO QUE NOMEAN OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS TENENCIAS DE ALCALDIA ASÍ COMO O SEU REXIME DE SESIONS

A Xunta de Goberno Local é o órgano que, baixo a presidencia da alcaldesa, colabora de forma colexiada na función de dirección política que a esta corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Os artigos 126.2 e 125 do mesmo texto legal facultan a alcaldesa, respectivamente, para nomear e separar libremente os membros da Xunta de Goberno Local, nun número máximo dun terzo do numero legal de membros da Corporación e para nomear entre os concelleiros e concelleiras que formen parte da Xunta de Goberno Local os tenentes e tenentas de alcaldesa, que a substituirán, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

De igual xeito e seguindo o marco normativo vixente se dispón a organización e estrutura do goberno local dacordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril e de conformidade coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, co Regulamento Orgánico Municipal e co Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO.NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (ART.126.2 LBRL).-

Nomear membros da Xunta de Goberno Local os seguintes concelleiros e concelleiras:

D. José Manuel Lage Tuñas

D^a Nereida María Canosa Dóminguez



Concello da Coruña

D^a Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
D^a Noemí Díaz Vázquez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego

Exercerá de titular da Secretaría da Xunta de Goberno Local D. José Manuel Lage Tuñas, actuando como suplente D.^a Nereida María Canosa Domínguez, e na súa ausencia, D^a Eudoxia María Neira Fernández.

De conformidade co artigo 106.f) do ROM, ás sesións e reunións da Xunta de Goberno Local cando sexan convocados expresamente pola Alcaldía poderán asistir concelleiros e concelleiras non pertencentes á Xunta de Goberno Local titulares dos órganos directivos, e no seu caso, outro persoal ao servizo da entidade.

SEGUNDO. NOMEAMENTO DE TENENCIAS DE ALCALDÍA (ART.125 LBRL).-

Nomear tenentes e tenentas de alcaldesa os seguintes membros da Xunta de Goberno Local:

Primeiro tenente de alcaldesa: D. José Manuel Lage Tuñas

Segunda tenenta de alcaldesa: D^a Nereida María Canosa Domínguez

Terceira tenenta de alcaldesa: D^a Eudoxia María Neira Fernández

Cuarto tenente de alcaldesa: D. Gonzalo Henrique Castro Prado

Quinta tenenta de alcaldesa: D.^a Noemí Díaz Vázquez

Sexto tenente de alcaldesa: D. Francisco Dinís Díaz Gallego

TERCEIRO. REXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Establecer o réxime de sesións da Xunta de Goberno Local consonte ás seguintes regras:

- 1) As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar cada catorce días, os mércores ás 10:00 horas. En segunda convocatoria as sesións ordinarias terán lugar o seguinte día hábil á mesma hora.
- 2) Cando a sesión ordinaria tanto en primeira como en segunda convocatoria coincida con día inhábil, terá lugar o día seguinte hábil á mesma hora.
- 3) Se coincidir coa celebración da sesión ordinaria do Pleno, a sesión da Xunta de Goberno celebrarase o día seguinte á mesma hora.
- 4) A alcaldesa poderá cambiar o día e a hora das sesións, así como suspendelas.



Concello da Coruña

5) As deliberacións da Xunta de Goberno Local son secretas.

6) A alcaldesa poderá convocar a determinadas sesións a concelleiras e concelleiros non pertencentes á Xunta de Goberno Local, así como as persoas titulares dos órganos directivos.

7) Entenderanse convocadas todas as sesións ordinarias coa mera remisión da orde do día polo concelleiro/a-secretario/a, debendo ser convocados/as a todas as sesións ordinarias e extraordinarias, de conformidade co art. 106 f) do ROM, o titular da Dirección da Asesoría Xurídica en funcións de asistencia xurídica á Xunta de Goberno Local, no seu caso o titular do órgano a que se refire o art. 125.1, B h), o interventor xeral e a oficial maior como titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ó concelleiro/a-secretario/a.

8) Autorízase a utilización exclusiva de medios electrónicos para a notificación das convocatorias e, cando fora posible, a posta a disposición de expedientes ós membros desta e a outros concelleiros e persoal funcionario asistente, prescindindo da notificación en papel para todos os efectos, e facúltase o concelleiro/a-secretario/a e a oficial maior para a execución deste acordo e para realizar os trámites de xestión procedentes, permitindo tanto o correo electrónico como calquera outro sistema de notificación e posta a disposición de expedientes que se poda implementar.

Dar conta do presente Decreto á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación e publicalo no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña na data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa

Inés Rey García